



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0273	Empresa e iniciativa emprendedora	2024/2025	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NICOLÁS GIL FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Supervisada



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Empresa e iniciativa emprendedora é un módulo transversal, trabállase en todos os ciclos formativos suxeitos á lexislación LOE. Este ciclo corresponde a unha figura profesional que exerce a súa actividade nomeadamente en establecementos e industrias de confección e moda dedicados á preparación e o corte de materiais, á produción de pezas, ao remate industrial de pezas e complementos de vestir en téxtil e pel e artigos téxtiles para o fogar, usos industriais e deportivos. De igual modo, pode exercer a súa actividade en establecementos dedicados á realización de vestiario á medida.

As características do ámbito socioproductivo correspondente a este ciclo son tidas en conta coa finalidade de adaptar ás mesmas esta programación didáctica. Con este fin, o profesor adecuará tanto as explicacións teóricas como os exercicios e actividades propostos na aula ao ámbito do sector.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver por propia iniciativa unha actividade empresarial; preténdese que dentro do itinerario profesional, o alumnado contemple a posibilidade de xerar o seu propio posto de traballo a través da actividade emprendedora, no sector no que se encadra o ciclo formativo. Con tal fin, o alumnado deberá elaborar un proxecto empresarial relacionado coa actividade do sector produtivo, que será o principal elemento de concreción do currículo ao mesmo. O proxecto estará composto por un plan de empresa e un plan financeiro, e incluírá todas as facetas de posta en marcha dun negocio. A súa elaboración irase realizando polo alumnado conforme se desenvolvan os contidos do módulo, que tamén se adecuarán ao sector produtivo en cuestión.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Creando a nosa idea emprendedora	Unidade dedicada á creación de ideas emprendedoras, á selección dunha, ao seu prototipo e a análise da contorna.	21	45
2	O márketing e as persoas.	Unidade onde conxugamos o plan de márketing coa Responsabilidade Social Corporativa e a Organización funcional e dos Recursos Humanos.	16	9
3	A forma xurídica e os trámites	Unidade que trata a forma xurídica da empresa e os trámites de constitución e posta en marcha.	3	3
4	Análise económica e financeira	Unidade para realizar o plan económico e financeiro da empresa así como aprender a documentación comercial, contable e as obrigas fiscais.	10	13
5	O plan	Unidade adicada á entrega do plan de empresa e a súa presentación en público.	3	30

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Creando a nosa idea emprendedora	21



4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da confección.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negociación no ámbito da confección á medida, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de confección en función da súa posible localización.



4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de confección (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.). A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración. A actuación das persoas emprendedoras no sector da confección. O risco como factor inherente á actividade emprendedora. Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social. Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da confección. A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións. Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de confección: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de confección: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia. Localización da empresa. A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O márketing e as persoas.	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO



4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa confección e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de confección, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de confección, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

4.2.e) Contidos

Contidos
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A forma xurídica e os trámites	3



4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da confección.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de confección tendo en conta a súa localización.

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.



Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de confección.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Análise económica e financeira	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbironse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa confección, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais).
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da confección.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.



Contidos
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de confección: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O plan	3

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.6 Realizaouse unha presentación do proxecto empresarial



4.5.e) Contidos

Contidos
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles:

En cada unha das unidades didácticas figuran os criterios de avaliación que teñen a consideración de mínimos exixibles. O alumnado terá que alcanzalos para acadar a superación do módulo.

Os criterios de cualificación, así como as liñas xerais que se empregarán na metodoloxía didáctica son froito dunha negociación realizada entre o alumnado e o profesor na primeira semana do curso. Baseado niso, paso a detallar os criterios de cualificación:

Para o cálculo da cualificación terase en conta o peso que se indicou no punto catro da programación en cada unha das actividades das unidades didácticas. Todas as actividades cualificaranse dun 0 ao 10, sendo preciso un 5 na media ponderada delas para a superación do módulo.

A cualificación final do módulo será calculada mediante a suma do resultado de multiplicar a cualificación de cada actividade pola súa ponderación. A cualificación de cada unidade didáctica será o medio ponderado das actividades que a inclúe.

Con todo, as cifras decimais seguirán a técnica do redondeo na cualificación final; se son iguais ou superiores a 5 subirase á nota superior e, se son menores a 5, quedará a inferior. Por exemplo, un 6,5 supón un 7 na cualificación final, mentres que un 6,49 suporía un 6.

A entrega fóra de prazo supón unha penalización do 20% da cualificación da actividade.

Para a ponderación da cualificación terase en conta o tempo estimado para cada actividade e será axustado ao consenso froito da negociación entre alumnado e o profesor na primeira semana de clase.

Co obxectivo de facilitar o entendemento da ponderación, anexo a seguinte táboa onde se indica o peso de cada unha das actividades ao respecto da cualificación total.

Unidade didáctica 1: Creando a nosa idea emprendedora

A1: A cultura emprendedora e a innovación 3%

A2: A creatividade e a clientela 2%

A3: Construíndo a idea emprendedora 20%

A4: Decidindo e detallando a idea emprendedora 15%

A5: A contorna da nosa empresa 4,4%

Unidade didáctica 2: O márketing e as persoas.

A1: A organización dos RRHH e o proceso produtivo 1,5%

A2: A Responsabilidade Social Corporativa 1,5%

A3: O plan de márketing 4,4%



Unidade didáctica 3: A forma xurídica e os trámites

A1 A forma xurídica da empresa 1,5%

A2: Trámites de constitución. Axudas e subvencións 1,4%

Unidade didáctica 4: Análise económica e financeira.

A1: Análise económica e financeira da empresa 5,9%

A2: Doc. comercial e contable e obrigas fiscais. 4,4%

Unidade didáctica 5: O plan.

A1. O plan de empresa 5%

A2. Presentación do proxecto 30%

Se por algunha razón allea á vontade do alumnado non se pode realizar a totalidade das actividades programadas, realizarase un reaxuste da ponderación tendo en conta o tempo dedicado a cada actividade.

O plaxio no documento do Plan de Empresa (Actividade 1 da unidade didáctica 5) suporá o suspenso da materia.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para establecer os procedementos das actividades de recuperación baséome na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

No capítulo VIII da citada orde, no artigo 25.2, afirmase que a avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumno, polo que ten un carácter continuo. Con todo, o artigo 29.3 (capítulo IX) tamén afirma que, nos módulos superados, a cualificación final coincidirá coa obtida na segunda avaliación parcial, polo que non se trata dunha ponderación entre as dúas avaliacións senón que será a nota da segunda a que se considera ao final, polo que para o cálculo da segunda avaliación teranse en conta a anterior e seguindo o procedemento e ponderación explicado no punto 5 desta programación.

Así, contamos con tres momentos nos que se poden realizar as actividades de recuperación:

1. En primeiro lugar, o alumnado poderá realizar actividades de recuperación ao longo do desenvolvemento do módulo, as cales basearanse na repetición das probas escritas que non lograra superar e en actividades alternativas aos estudos de caso que non superase. A necesidade de realizar actividades alternativas bebe da idea de que, ao realizarse nun momento concreto da aula, dun xeito grupal, non se poden repetir nas mesmas condicións que o resto do alumnado.
2. Unha segunda opción é realizar as recuperacións previo á realización da Formación en Centros de Traballo (FCT).
3. Por último, a derradeira opción que ten o alumnado para a recuperación é a mostrada no artigo 31.4 da orde antes citada. Trátase no caso de que o alumnado non poida acceder á FCT no período ordinario ao ter o módulo pendente. As actividades neste período seguirán a metodoloxía do momento 1 co fin de recuperar as partes pendentes. Indicarase, tal e como ditamina o artigo, a data final na que o alumnado será avaliado.



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O artigo 25.3 do capítulo VIII da Orde do 12 de xullo anteriormente citada establece que o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. É o profesorado o encargado de valorar a xustificación -ou non- desas faltas atendendo ás circunstancias persoais e laborais da alumna ou alumno concreto.

Cando aconteza esta situación de perda de avaliación continua, que na materia de Empresa e Iniciativa Emprendedora corresponde á falta de asistencia a 6 sesións ou máis, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente (artigo 25.5 da Orde antes citada).

Esta proba consistirá nunha proba escrita de carácter teórico e práctica que conteña os contidos de todas as Unidades Didácticas expostas no punto 4 da programación.

Para a superación desta proba escrita terá que obter unha cualificación de 5 nas dúas partes correspondentes á proba teórica e práctica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación non pode ser algo ríxido, pois non se poden prever todas as variables que inflúen á hora de exercer a práctica docente. Ten que ser flexible para adaptarse ás necesidades propias do alumnado e ao propio desenvolvemento da programación. Todo elo en pro da mellora da calidade educativa.

Ao longo do curso é imprescindible o seguimento do cumprimento da programación o cal materialízase a través da propia aplicación informática das programacións e nas reunións -de carácter mensual- realizadas polo departamento de FOL para dito fin.

Ademais dos mecanismos citados, o profesorado pode crear unha serie de indicadores para realizar o seguimento da programación. Neste caso, elíxense seis ítems a valorar; o logro dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, os recursos didácticos, as probas de coñecementos previos, as recuperacións pendentes, os temas transversais e a atención á diversidade.

Para a súa correcta organización pódense empregar as fichas de control da programación. Neste caso, vaise empregar un modelo de Excel a encher mensualmente.

Avaliación da propia práctica docente:

Ao seres o CIFP Manuel Antonio un Centro Integrado de Formación Profesional, atópase baixo o Sistema de Xestión de Calidade. Neste sentido, hai unha avaliación da práctica docente a través dunhas enquisa que realiza o propio sistema.

A maiores desa situación, nesta programación propónse dous modelos de avaliación; a auto-avaliación docente e a avaliación docente por parte do alumnado.

En calquera dos casos, a función e o propósito de ditas avaliacións é a mellora do proceso de ensino aprendizaxe.

Así, para a auto-avaliación empregarei unha ficha similar á da programación, pero con maior énfase na metodoloxía didáctica e a súa idoneidade para a consecución dos obxectivos propostos. Neste caso é unha ficha de carácter trimestral.

Por último, a avaliación que o alumnado realiza da práctica docente é a máis relevante, pois da súa percepción e análise dependerá a resposta en termos de aprendizaxe. Así, a metodoloxía empregada é a de dúas fichas (unha por cada trimestre) que o alumnado encherá de forma anónima e que contemplarán aspectos como a adecuación da metodoloxía didáctica, a percepción de aprendizaxe significativa, a motivación suscitada, a capacidade de favorecer as competencias conceptuais e procedementais ou o uso dunha linguaxe axeitada.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial é esencial para ter información sobre os coñecementos previos do alumnado e as súas situacións, características persoais ou necesidades específicas que condicionen a súa aprendizaxe. Tamén é moi relevante a coordinación docente para unha mellor análise en beneficio da aprendizaxe do alumnado. De aí que, tan pronto se faga a avaliación inicial, se celebrará unha reunión do profesorado, xunto co persoal de orientación, para compartir resultados e impresións e propoñer medidas ao respecto.

As sesións máis relevantes para a avaliación inicial son as referentes á primeira quincena do curso, para poder recompilar, o antes posible, a información antes citada e realizar as modificacións oportunas. Nesta quincena, as dúas primeiras sesións son as máis relevantes. Nestas actividades avalíase a comprensión lectora, os coñecementos previos en materia de economía e empresa, a capacidade de traballo en equipo, a exposición oral e a competencia investigadora.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Neste apartado propónse as medidas de reforzo xerais para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. Para iso hai que ter en conta os principios da normalización e inclusión presentes na LOE. Polo tanto, ademais das medidas ordinarias contempladas no Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, no seu artigo 9 (Ver Anexo X) e as medidas expostas no apartado 6.1 desta programación, a medida xeral empregada para establecer as medidas cara a atención á diversidade é a flexibilización, especialmente na metodoloxía didáctica.

Así, tal e como afirman varias autoras e autores, a metodoloxía maioritaria empregada na programación favorecen a flexibilización e, con ela, a atención á diversidade. A lóxica disto é que, por exemplo, nos traballos de investigación (baseados en proxectos) o alumnado que ten unhas competencias por riba da media poidan afondar máis na temática, favorecendo así a súa aprendizaxe e, ao mesmo tempo, permita ao alumnado con competencias por debaixo da media que poida alcanzar os obxectivos. Ambos fan a mesma tarefa seguindo os principios da normalización e da inclusión, e teñen que alcanzar os mesmos obxectivos básicos, pero permite, ademais, ir máis aló deses obxectivos. De aí que, a flexibilidade, favoreza a atención á diversidade.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores é un dos piares básicos da escola pública que fai avanzar cara un mundo mellor; máis igualitario, pacífico, solidario e respectuoso. A propia LOMCE no seu preámbulo (XIV) establece que "un dos principios nos que se inspira o Sistema Educativo Español é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación".

1. Así, neste apartado vanse destacar seis valores fundamentais para a ensinanza.

O coidado no medio ambiente.

- 2. A educación para a interculturalidade.
- 3. A promoción activa da saúde.
- 4. A educación para a análise dos Mass-Media.
- 5. Respecto á diversidade afectiva-sexual
- 6. A perspectiva de xénero en pro da igualdade entre mulleres e homes.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades complementarias e extraescolares se proporán:

Visita a establecementos de diferente categoría e tipoloxía.

Actividades creadas polas diferentes coordinacións do centro: comisión de igualdade, EDLG, Biblioteca e, especialmente para esta materia, emprendemento.

Actividades complementarias dirixidas ao fomento do espírito emprendedor:

Charlas e xornadas sobre emprendemento organizadas pola coordinación de emprendemento ou por diferentes institucións como o IGAPE ou a Cámara de Comercio, en colaboración co departamento de orientación e información profesional.

Participación do alumnado nos programas e concursos dirixidos ós alumnos de ciclos superiores que se convoquen durante o curso, como o programa IDEA dentro do Plan Eduemprende (consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria) e o programa COOPERATIVIZATE

(consellería de Traballo e Benestar). A participación nestas actividades dependerá da súa convocatoria e do interese dos alumnos.

Actividade de coñecemento dos recursos ofertados no centro dentro do Plan Eduemprende

Participación na "mostra de ensino" do centro, creada e dinamizada polo equipo de emprendemento.

Actividades extraescolares

Asistencia a feiras ou congresos de emprendemento que se celebren na cidade